

ACTA NÚM. 15/2023.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2023.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de decembro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 22.11.2023.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.10.2023 AO 15.12.2023.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á ESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DE NOVA ESTRUCTURA DE CUSTES E FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO.

4º) MOCIÓNES.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

6º) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E POSICIONAMENTO POLÍTICO EN CONTRA DA CONSTRUCCIÓN DA Balsa da Cornanda e a favor da loita veciñal e social.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 22.11.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 14/2023, do 22.11.2023.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.10.2023 AO 15.12.2023.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
00706/2023	17/10/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.
00707/2023	17/10/2023	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000029967.
00708/2023	19/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617709.
00709/2023	19/10/2023	DECRETO DE INICIO DE BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN DE HABITANTES DE VARIAS PERSOAS.
00710/2023	19/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 2530000265940.
00711/2023	19/10/2023	DECRETO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PEÓN GES.
00712/2023	19/10/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.14/2020-D.
00713/2023	19/10/2023	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS EXPEDIENTE TRÁFICO 19759/2023.
00714/2023	20/10/2023	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA AXUDAS ESCOLARIZACIÓN CURSO 2023/2024.
00715/2023	20/10/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN PREZO PÚBLICO CAMPAMENTO.
00716/2023	23/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000565960 .
00717/2023	24/10/2023	DECRETO NOMEAMENTO TRIBUNAL OBRADOIRO MODIFICADO.
00718/2023	24/10/2023	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO Nº EXPEDIENTE: TR351G 2018 / 6-1.
00719/2023	24/10/2023	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 06/2022-D.
00720/2023	24/10/2023	AMPLIACIÓN SAF EXPTE.11/2020-D.
00721/2023	24/10/2023	AMPLIACIÓN SAF EXPTE.16/2023-D.
00722/2023	24/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463292.
00723/2023	24/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462782.
00724/2023	25/10/2023	REACTIVACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2022-D.
00725/2023	25/10/2023	ALTA SAF EXPTE.24/2023-D.
00726/2023	25/10/2023	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA

		DE MELLORA DO FIRME DA ALDEA DE OMBRE.
00727/2023	25/10/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DA OBRA MELLORA DO FIRME DA ALDEA DE OMBRE.
00728/2023	25/10/2023	DECRETO-SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN PARA MANTEMENTO SERVIZOS SOCIAIS 2024.
00729/2023	25/10/2023	ALTA SAF EXPTE.25/2023-D.
00730/2023	26/10/2023	EMERXENCIA MUNICIPAL 07-2023 J.W.H.V.
00731/2023	26/10/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/67.
00732/2023	26/10/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/64 CONTRATO.
00733/2023	26/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000565999.
00734/2023	26/10/2023	ACTIVIDADES PARA MAIORES CURSO 2023-2024.
00735/2023	27/10/2023	ADXUDICACIÓN DA OBRA DO POS + 2023: MELLORA DO VIARIO DENDE A RÚA GONDAR A LÍMITE MUNICIPAL E OUTROS.
00736/2023	27/10/2023	DECRETO DE NOMEAMENTO DO TRIBUNAL PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO.
00737/2023	30/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463472.
00738/2023	30/10/2023	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. ANO 2023.
00739/2023	30/10/2023	VI PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2024.
00740/2023	31/10/2023	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO DE 2023.
00741/2023	31/10/2023	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE OUTUBRO.
00742/2023	31/10/2023	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - OUTUBRO 2023.
00743/2023	31/10/2023	DECRETO ADMISIÓNS E ACOMPAÑAMENTO NA VIAJE DOS MAIORES A CASTELA A MANCHA 2023.
00744/2023	31/10/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. OUTUBRO 2023.
00745/2023	31/10/2023	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000776435.
00746/2023	02/11/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/68 CONTRATO.
00747/2023	02/11/2023	DECRETO-EMERXENCIA MUNICIPAL 09-2023 M.A.P.Y.
00748/2023	02/11/2023	SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA.
00749/2023	03/11/2023	DECRETO SUBSTITUCIÓN AVAL BANCARIO POR GARANTÍA EN EFECTIVO.
00750/2023	03/11/2023	ALTA XANTAR 59 B.C.F.
00751/2023	03/11/2023	ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTE DE IGUALDADE EN 2024.
00752/2023	06/11/2023	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN ORDENANZA ADMÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL.
00753/2023	06/11/2023	XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 07/11/2023 , ÁS 14.00 H.
00754/2023	06/11/2023	DECRETO APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2023.
00755/2023	06/11/2023	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EXPEDIENTE TRÁFICO – 99500000030127.

00756/2023	06/11/2023	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE NÓMINA. OUTUBRO 2023.
00757/2023	07/11/2023	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVIEMBRO.
00758/2023	07/11/2023	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN TUBERÍA FIBROCEMENTO EXISTENTE Á SAÍDA DO DEPÓSITO.
00759/2023	08/11/2023	DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE SOCORRISMO Á DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024.
00760/2023	08/11/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463110.
00761/2023	08/11/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA.
00762/2023	08/11/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA.
00763/2023	08/11/2023	DECRETO DE SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2024.
00764/2023	09/11/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/69 (+3.000).
00765/2023	09/11/2023	OBRA DO POS+2022 BASE: REFORZO DE FIRME NOS ACCESOS A GUITIANDE.
00766/2023	09/11/2023	TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓNS: SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN ESCOLAS DE MÚSICA 2024.
00767/2023	09/11/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE LUMINARIAS LED PARA PARQUE INFANTIL.
00768/2023	09/11/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA OUTUBRO.
00769/2023	09/11/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE: MELLORA VIARIO DENDE RÚA GONDAR A LIMITE MUNICIPAL E OUTROS.
00770/2023	09/11/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO.
00771/2023	10/11/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/70.
00772/2023	10/11/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS DE OUTUBRO 2023. MODELOS IRPF 111, 115 E IVE 303.
00773/2023	10/11/2023	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO ELÉCTRICO INTEGRAL DO CONCELLO.
00774/2023	13/11/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MANTEMENTO, ALOXAMIENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB MUNICIPAL.
00775/2023	14/11/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/65.
00776/2023	14/11/2023	APROBACIÓN PROXECTO REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN ACCESOS A GOSENDE E OUTROS DO POS + ADIC 2 2023.
00777/2023	15/11/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 180.
00778/2023	15/11/2023	BASES DO CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2023.
00779/2023	15/11/2023	APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DE NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN LAMIÑO.
00780/2023	15/11/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O

		SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO-XURÍDICO EN MATERIA DE RRHH.
00781/2023	15/11/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/71 (+3.000).
00782/2023	15/11/2023	APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A PRAZA DE ARQUITECTO/A E NOMEAMENTO DE TRIBUNAL.
00783/2023	16/11/2023	INCOACIÓN EXPEDIENTE DECLARACIÓN DE RUINA DUNHA EDIFICACIÓN.
00784/2023	16/11/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN LUGAR DE BRANS DE ABAIXO.
00785/2023	16/11/2023	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ASESORAMENTO XURÍDICO URBANÍSTICO DO CONCELLO.
00786/2023	16/11/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANTE DE FACENDA) DO 21.11.2023, ÁS 13:15H.
00787/2023	16/11/2023	DECRETO DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 21.11.2023 ÁS 13:00H.
00788/2023	16/11/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461700.
00789/2023	17/11/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 22.11.2023, ÁS 13:00H.
00790/2023	20/11/2023	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN DO EMC 18 2023.
00791/2023	20/11/2023	DECRETO CONTRATACIÓN CONCILIA NADAL 2023.
00792/2023	21/11/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 26/2023-D.
00793/2023	21/11/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE.27/2023-D.
00794/2023	21/11/2023	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EXPEDIENTE TRÁFICO 99500000030251.
00795/2023	21/11/2023	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 28/2023-M.
00796/2023	21/11/2023	DECRETO APROBACION CERT. UNICA OBRA PARA CONSTRUIR UNHA CUBERTA NO APARCADOIRO SITUADO DETRÁS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.
00797/2023	21/11/2023	EXPEDIENTE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.
00798/2023	22/11/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE LIMPEZA E DESBROCE DE SENDAS VERDES.
00799/2023	22/11/2023	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 OBRA PROXECTO MELLORA EFICIENCIA ENERXETICA DO ALUMADO PÚBLICO.
00800/2023	22/11/2023	APROBACIÓN CERT. Nº 4 OBRA NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN LAMIÑO.
00801/2023	23/11/2023	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DE MELLORA DO LOCAL UTILIZADO PARA ACT.CULT: BIBLIOTECA MUNICIPAL.
00802/2023	24/11/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000598041.
00803/2023	24/11/2023	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES EN CATRO LOTES.
00804/2023	27/11/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL AO PERSOAL MUNICIPAL.
00805/2023	27/11/2023	DECRETO CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 28/11/2023 , ÁS 14.00 H.
00806/2023	27/11/2023	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE BEIRARRÚAS, PARQUES,

		ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BRIÓN.
00807/2023	28/11/2023	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO 99500000030322.
00808/2023	29/11/2023	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 88.
00809/2023	29/11/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. NOVIEMBRE 2023.
00810/2023	30/11/2023	RESOLUCIÓN ALEGACIÓN PRESENTADA NO TRÁMITE DE AUDIENCIA POR BAIXA INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRÓN DE HABITANTES EXPTE 2023/X999/000152.
00811/2023	30/11/2023	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2023.
00812/2023	30/11/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA. CONVENIO GES 2023. MEDIO RURAL. GTOS FUNCIONAMENTO.
00813/2023	30/11/2023	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVIEMBRE DE 2023.
00814/2023	30/11/2023	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - NOVIEMBRE 2023.
00815/2023	04/12/2023	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
00816/2023	04/12/2023	M.C. Nº 21/2023: T.C. ENTRE APLICACIÓNS DA MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.
00817/2023	05/12/2023	SUBVENCIÓN DA XUNTA PARA MANTEMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA ANO 2023.
00818/2023	05/12/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAL INFORMÁTICO.
00819/2023	05/12/2023	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ILUMINACIÓN DAS FESTAS DE NADAL DO ANO 2023/2024.
00820/2023	05/12/2023	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE DECORACIÓN DAS FESTAS DE NADAL 2023/2024.
00821/2023	05/12/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/66.
00822/2023	05/12/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/72 ENERXÍA ELÉCTRICA
00823/2023	05/12/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/75 CONTRATO.
00824/2023	05/12/2023	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS QUE CORRESPONDEN AOS CONCELLOS PARTICIPANTES 2022-23.
00825/2023	07/12/2023	AMPLIACIÓN SAF EXPTE.15/2023-M.
00826/2023	11/12/2023	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 12/12/2023 , ÁS 14.00 H.
00827/2023	13/12/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE COORDINACIÓN E MONITORAXE DO GRUPO DE ACCIÓN PATRIMONIAL (GAP) E PROGRAMA BRIÓN NA ESCOLA. PERÍODO 2023-2024.
00828/2023	13/12/2023	DECRETO DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA. POLICÍAS LOCAIS.
00829/2023	13/12/2023	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO 20.10.2023 MODIFICACIÓN O.F. TAXA SUBMINISTRO DE AUGA PARA 2024.
00830/2023	13/12/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS NOVIEMBRE 2023. MODELO IRPF 111, 115 E IVE 303.
00831/2023	13/12/2023	TRASLADO PARA INFORME DO CONSELLO DE EMPADROAMENTO DE EXPEDIENTE DE BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRÓN DE HABITANTES.
00832/2023	13/12/2023	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO

00833/2023	13/12/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR NOVEMBRO.
00834/2023	14/12/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA NOVEMBRO.
00835/2023	14/12/2023	APROBACIÓN CERT. Nº 1 OBRA MELLORA DO ACCESO A GOSENDE.
00836/2023	14/12/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/77 CONTRATO.
00837/2023	14/12/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/76 (+3.000€).
00838/2023	14/12/2023	DECRETO DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 19/12/2023 ÁS 13:00 HORAS.
00839/2023	14/12/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 19/12/2023, ÁS 13.15 HORAS.
00840/2023	14/12/2023	RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE EXCEDENCIA POR INCOMPATIBILIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL.
00841/2023	14/12/2023	DECRETO COMPOSICIÓN DO XURADO DO PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2024.
00842/2023	14/12/2023	DECRETO CORRECCIÓN DE ERROS DO DECRETO Nº 820/2023.
00843/2023	14/12/2023	ACHEGA 2023 FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO SEGUNDO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO.
00844/2023	14/12/2023	APROBACIÓN DA LISTA DE PARTICIPANTES EN CONCILIA NADAL 2023
00845/2023	15/12/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 20/12/2023 ÁS 13:00 HORAS.

O Pleno toma coñecemento.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE Á ESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DE NOVA ESTRUCTURA DE CUSTES E FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.12.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.12.2023, que transcrita di:

Antecedentes de feito:

1. Resultando que o Pleno do Concello en sesión de data 11 de outubro de 2023, adoptou o acordo de aprobar a proposta de estrutura de custos elaborada por Into Consulting S.L. asinada con data 12 de agosto de 2023, conforme ao establecido no artigo 9 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española e someter a información pública a proposta de estrutura de custos por un prazo de 20 días.

2. Resultando que con data 18 de outubro de 2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o anuncio de información pública da proposta de estrutura de custos da actividade obxecto do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello de Brión, polo cal expónse ao público por un prazo de 20 días hábiles contado a partir do día seguinte ao da inserción do anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan presentar alegacións, conforme ao disposto no artigo 9.7.c) do Real Decreto 55/2017, do 3 de

febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

3. Resultando que con data 6 de novembro de 2023, dentro do prazo establecido no procedemento, VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA S.A.U., presenta alegación en trámite de información pública.

4. Resultando que a alegación foi remitida á empresa consultora contratada Into Consulting S.L. para o seu informe.

5. Resultando que con data 01.12.2023 (r.e. núm. 202399900001719) esta empresa presenta a seguinte documentación modificada:

-. Anteproxecto, estudo de viabilidade, fórmula de revisión de prezos e estrutura de custos.

Fundamentos de dereito:

O artigo 7 do Real Decreto 55/2017, establece no seu apartado oitavo que “As fórmulas de revisión poderán incluír mecanismos que incentiven o comportamento eficiente, tales como:

a) *Un compoñente que module as revisións en función da eficiencia, a produtividade ou a calidade do produto ou servizo.*

b) *Un límite á translación da variación dun determinado compoñente de custo susceptible de revisión, que pode ser concretado como unha porcentaxe máxima a aplicar sobre a variación deste.*

c) *Un límite á variación do valor monetario obxecto de revisión periódica. Tal límite poderá definirse ben como un valor monetario ou índice en termos absolutos ou ben como unha taxa de crecemento máxima.”*

Por outra banda, o artigo 9.4 do mencionado Real Decreto establece que “O mecanismo de incentivo de eficiencia, no seu caso, contemplado no artigo 7, deste Real Decreto (...)”.

En ambos os preceptos, mediante a forma verbal “poderán incluír” e a expresión “no seu caso” determínase a posibilidade, non se expresa de forma imperativa o acto de incluír incentivos de eficiencia con formas verbais como “deberán”, “serán” ou “procederán” utilizadas neste mesmo texto; por tanto enténdese a nivel gramático que a inclusión de mecanismos que incentiven o comportamento eficiente non ten carácter obrigatorio, senón que se establece como unha posibilidade para lograr o devandito comportamento eficiente.

Por tanto, ao ser a introdución do mecanismo de eficiencia unha cuestión meramente potestativa, e tendo en conta que a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, xa introduce a obrigatoriedade de mecanismos de eficiencia como un rendemento da rede superior ao 80%, ou plans de eficiencia enerxética, o limitar a variación das revisións de prezo, non parece un mecanismo adecuado de fomentar a eficiencia da futura concesionaria.

En canto ao obxectivo de contribuír á estabilidade financeira e sustentabilidade orzamentaria do Concello de Brión, e dar cumprimento ás medidas de control do déficit público a que ven obrigada a Administración pública, é importante sinalar que xa a propia formula de revisión de prezos xa introduce que un 31% dos custos desta fórmula non son revisables.

En definitiva se considera que procede a estimación da alegación, de conformidade co anteriormente sinalado.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Estimar a alegación interposta por VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA S.A.U. contra a proposta de estrutura de custos da actividade obxecto do contrato de concesión do servizo público de abastecemento de auga potable no Concello de Brión.

2º) Proceder a non introducir ningún dos tres mecanismos que incentiven o comportamento eficiente que figuran no artigo 7.8 do Real Decreto 55/2017, nin na estrutura de custos nin na fórmula de revisión de prezos.

3º) Aprobado a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos coa devandita modificación que consta no expediente e sometela a exposición pública durante 20 días.

4º) Enviar ao órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, que neste caso é a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos unha vez rematado o período de exposición pública.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) MOCIÓN.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que tiñamos presentado unha sobre o posicionamento dos grupos políticos e os traballos pendentes a desenvolver no encoro reversible da Cornanda, pero que a retiramos, por terse negociado unha declaración institucional entre os tres grupos municipais.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

5.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre a seguridade en diversos viais do concello.

Por desgraza esta pregunta xa a temos que traer regularmente a este pleno na espera de que algún día por fin se poña solución as diversas problemáticas en materia de seguridade que temos no noso concello. Problemáticas que se ven especialmente incrementadas pola fala de luminosidade en moitos puntos do concello e máis en aqueles puntos nos que hai un tráfico continuo e que non sempre respecta as normas de circulación, polo que é de especial necesidade que o concello se implique na materia correspondente.

Temos exemplos máis que evidentes, sobre todo en tres eixos importantes:

- Avda dos Ánxeles (no único núcleo comercial que queda no concello). Solicitamos máis iluminación e a instalación dun paso de peóns, así como medidas disuasorias de velocidade.
- Avda Santa Minia. Solicitado por este grupo máis de 10 veces que se faga a solicitude do traspaso dende a deputación ou no seu caso que a deputación instale (a solicitude do concello) medidas disuasorias.
- Cruce baixo a ponte da autovía. Non hai visibilidade, moitísimo tránsito de rapaces e rapazas cara o instituto ou centros deportivos.

Sabemos que a resposta será "non é competencia nosa", e entendemos que o que si é competencia é a salvagarda e protección absoluta de toda a veciñanza do concello polo que solicitamos que o concello faga dunha vez todos os trámites necesarios para solicitar as administracións correspondentes o traspaso ou resolución dos problemas graves existentes en materia de seguridade viaria.

Na cuestión de luminosidade solicitamos que todas esas zonas, así como posiblemente doutras non incluídas neste rogo, sexan atendidas da mesma forma que se atenden outras aldeas deste concello con non tanta perigosidade nin urxencia viaria.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en canto á Avenida dos Ánxeles despois do traballo de case tres anos xa está feito o proxecto e de aceptarse mellorará a seguridade e luminosidade.

Respecto da Avenida de Santa Minia esa estrada é da Xunta, non da Deputación, e repetimos outra vez, que se solicitou á Xunta un paso de peóns e a mellora da seguridade viaria, e que a Xunta non cede viais que non teñan unha vía alternativa dentro do propio municipio; o pasado 30 de outubro enviouse un escrito da alcaldía á Xunta para que mellore a seguridade, non é competencia municipal esa vía, aínda que xa tomamos medidas como á instalación de sinal de perigo e iluminamos con led.

A outra estrada é da Xunta e se non pintan pasos de peóns entendemos que é polo perigo, e debaixo da autovía díxome o técnico municipal que recibira unha chamada da Xunta de que ían poñer algunha solución.

2. Situación da "Travesía de Bastavales" e dos usos da fábrica de pellets.

Unha vez atendida a solicitude dun grupo de veciños por parte deste grupo e podendo comprobar na zona in situ observamos o importantísimo tránsito de camións de gran tonelaxe cara á fabrica de pellets existente no noso concello. Estes camións pasan continuamente por unha pista que ten como máximo 5 metros e non en todos os tramos. Sabemos da dificultade de acceso que existen cara a localización da fábrica mais tamén sabemos de responsabilidade do mantemento e da seguridade dese vial.

Que ten pensado facer o concello para garantir a seguridade dos veciños da zona?. Quen se vai facer cargo do mantemento dunha estrada que está sendo especialmente castigada polo uso continuo de trailers de gran peso?. Como se vai repoñer a senda que está agora sendo utilizada como parte da travesía ao non coller moitas veces dous vehículos polo ancho e tamaño dos mesmos?. Ten actualmente a fábrica todos os permisos medioambientais, de actividade e de posibles ampliacións ao día?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en canto ao coidado e mellora do pavimento fíxose hai dous anos; fíxose unha senda peonil transitábel, puxéronse badéns, sinais luminosas e hai que dicir que pasan moitos camións, non só da fábrica; ten todos os permisos necesarios e

incluso unha distinción polo seu respecto ao medio ambiente, e non ten nada pendente no Concello.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que entendo que a seguridade vial non se vai mellorar.

Responde o Sr. Alcalde que xa se fixo, e que esa estrada ten unha problemática, porque non podemos tirar nin as casas nin os muros, a nós gustaríanos facer unha estrada moito máis ampla, pero habería que tirar muros, e remata sinalando que por suposto que me preocupa a seguridade pero tamén me preocupa o funcionamento da fábrica, que xera emprego, e tamén hai que mirar por ela; habería que ver se se pode facer algunha alternativa pero que iso agora mesmo non se pode facer.

3. Sobre as actividades do concello.

Estes días volvemos observar como o concello ten dificultades de memoria á hora de incluír os logos doutras administracións na programación que moitas veces venden como propia. Solicitamos fagan un exercicio continuo de memoria ou mesmo recorran aos post-its para non esquecer o que é de cadaquén, e sobre todo para evitar que algunha administración teña que facer algún reclamo de cantidades por non cumprir as bases na hora da contratación.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en primeiro lugar pedir respecto para o persoal do Concello; isto non é algo habitual, é a primeira vez que pasa; o erro foi que se compartiu o cartel dos grupos co do Concello, e cando o soubemos solucionouse, e sinalar que é a primeira vez que se recibe unha chamada de cultura da Deputación neste Concello.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que eu non falei nada dos funcionarios, e que tívose que chamar dúas veces, e isto está a pasar moitas veces nos concellos; neste caso rectificouse, había dípticos da Xunta e dunha serie de concellos, pero non da Deputación. Engade que tanto a Deputación como a Xunta están preocupados porque xa que achegan cartos polo menos deben figurar.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que os dípticos os traen os grupos, que deben ser os que poñan os logos.

4. Sobre a seguridade na carballeira de Santa Minia.

Xa expresou o noso grupo político o total apoio e comprensión á decisión do concello na materia da Carballeira de Santa Minia e diante dun problema tan importante para o noso concello e veciñanza. Nesta comprensión xa se tivo en conta os elementos técnicos, sentimentais, patrimoniais ... e sobre todo de seguridade para a veciñanza. Así se expresou por parte do señor alcalde nas dúas xuntanzas, "a seguridade dos veciños é o máis importante", e estamos totalmente de acordo. Así mesmo falamos dos "malos usos" que durante cen anos se fixo desa carballeira e de pensar no futuro para que entre todos (sexa quen sexa) fagan mellor as cousas.

A nosa sorpresa e ao mesmo tempo incredulidade foi comprobar como 4 días despois, si si, 4 días despois dese discurso, o concello de Brión organiza unha actividade de Nadal con pais, nais, rapaces e rapazas baixo eses mesmos carballos que son un perigo para todos e todas, eses mesmos carballos que saíron estes días pasados na prensa e eses mesmos carballos que temos que talar dunha forma urxente e inmediata. As preguntas son obvias:

En que estaba pensando o concello cando organizou ese evento?.

Vanse seguir facendo eventos ou outras actividades baixo uns carballos "que están caendo" e que supoñen "un perigo inminente"?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que temos que darlle a razón totalmente, fomos conscientes do erro cando vimos a cantidade de xente que había, esperamos non volver a cometelo.

O Sr. Alcalde sinala que esperemos sacar iso canto antes para poder desfrutar da carballeira.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que todos nos equivocamos e esperemos que non volva pasar, polo ben da seguridade dos veciños.

5. Sobre o uso dos contratos menores.

De todos e todas é coñecido o noso posicionamento no referido ao uso dos contratos menores como instrumento legal recollido na actual lei de contratos. Dados os comentarios "limitados" por parte de intervención nos últimos informes emitidos, gustaríanos saber cal é o uso e trámites que se realizan en materia de contratos menores por parte do concello de Brión?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que o uso é o legal, e os trámites son xustificar a necesidade, solicitar oferta, facer retención de crédito e posteriormente decreto de adxudicación do contrato e notificación do mesmo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que os contratos menores deben aplicarse por urxencia ou inmediatez, para necesidades urxentes e esporádicas, non poden utilizarse para evitar que vaian a concurso, e despois do traballo que fixemos vimos que é mellorable, se empregan para non licitar, así por exemplo en 2022 e 2023, por exemplo entre xuño e xullo de 2023, se contrata Concilia verán, verán xuvenil e verán infantil, se está fraccionando, e no 2022 igualmente, e se contrata á mesma empresa, se diferencian nunha palabra; cada ano se fan eses servizos, é recorrente, todos os anos se contrata a esa empresa, 40.000 euros en 2022 e 40.000 euros en 2023; se podería sinalar outros contratos menores como os que quedan a un céntimo do importe do contrato menor de obras de 39.999 euros; así a Lema Rodríguez se lle adxudicaron case 70.000 euros en contratos menores; a Eulogio Viñal en Ombre se lle adxudicaron dúas actuacións por importes de 24.000 e 34.000 euros, un total de 55.000 euros, e por encima se fan na mesma data; xa non digo limpeza, mantemento pavillón, á empresa Barbatana, á empresa que leva o coworking, e podíamos seguir falando doutros exemplos, de estar ao límite, solicitamos que disto intervención informe se son contratos menores, aínda que nós podemos estar equivocados e tamén solicitamos participar nas mesas de contratación; xa sabemos que é máis áxil pero non parece que se estea buscando iso.

O Sr. Alcalde sinala que moitas obras son subvencionadas pola Xunta e os prazos para contratar e executar son moi reducidos, e dicir que pode ser que non sexa ético, pero si legal, se realizan por axilidade para solucionar as necesidades dos veciños.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non ten nada que ver vincular a utilización do contrato menor coas subvencións e as melloras para os veciños, que se hai algo recorrente teñen que licitarse, así as limpeza, os fogos de Santa Minia, as luces de Nadal son recorrentes e deben licitarse, non hai concorrência.

Engade que nós pensamos que isto é mellorable porque o que se fai agora non se está a facer ben, non sei se é legal ou ilegal, pero insisto en que hai cousas que teñen que licitarse si ou si. Na Deputación si se fan contratos menores, pero as necesidades recorrentes licítanse, nós sospeitamos de que sexan contratos menores, non que sexan ilegais.

6. Orzamentos.

Estamos a día 20 de decembro, a 11 días do peche de ano. Como é habitual por estas festas seguimos á espera de que o goberno municipal nos desexe unhas felices festas sentándose a falar coa oposición en materia de orzamentos e bases de execución. Temos, é certo, o compromiso por parte do señor alcalde de facelo, agardamos que este compromiso (hai que seguir tendo fe) se cumpra. Mentres, para aqueles que imos lixeiros de fe, gustaríanos saber cal é a previsión de realización de orzamento para este 2024, así como se vai haber esta xuntanza cos grupos políticos ou non, se nos vai entregar 4 días antes ou non, ou si se vai negociar (sabendo que están en minoría polo menos oficialmente) ou non. Senón, sempre podémoslo pedir aos reis

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como ben se dixo van ser elaborados por todos os grupos políticos representados neste Pleno; faranse mesas de traballo entre os grupos no Concello, non fora do Concello, e se fará nas próximas semanas unha convocatoria para realizar esas mesas de traballo.

A Sr^a. Concelleira Andrade Carrillo sinala que sexan xuntanzas oficiais no Concello, non entendo iso que dixo de fora do Concello, e remata sinalando que nós estamos dispostos a negociar os orzamentos.

O Sr. Alcalde sinala que canto teñamos o orzamento sentarémonos e haberá que ir sacando cousas; nós non somos a Deputación nin temos medios nin persoal, nós facemos o que podemos, non podemos licitar todo como pode facer a Deputación.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa levamos moito tempo presentando temas para incluír no orzamento, estamos dispostos a traballar.

O Sr. Alcalde sinala que esas mesas de traballo se farán entre todos, pero poñendo en cada partida o que pon e quita cada grupo.

5.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Sabendo da problemática existente nas aldeas de Cornanda en relación coa cobertura móbil e de internet, queríamos saber se dende o Concello se ten pensado a fórmula de colocación dun repetidor ou antena na zona.

Así mesmo, se dende o Concello se pode buscar axuda noutras administracións para que intercedan coas compañías telefónicas.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que iso é unha competencia do goberno do Estado e da Xunta, da AMTEGA, nós lles trasladamos as reclamacións dos veciños e esperamos que o vaian solucionando.

2. En relación co mesmo tema, queríamos saber en que estado está a colocación de fibra nas distintas parroquias do Concello.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que non temos por agora ningunha solicitude xeral de fibra.

O Sr. Alcalde sinala que a fibra está aos núcleos, pero falta o despregue polo interior dos núcleos, se comprometeron que no 2024 teñen que estar todos os núcleos con fibra en Galicia, e dentro dos núcleos os veciños teñen que solicitalo ás compañías para que o vaian despregando.

3. Na zona de Bastavales, entre os Ánxeles e Sabaxáns, ten escaso servizo de autobús, as paradas non teñen ningunha información, nin empresa que as realiza, nin frecuencia horaria, nin teléfono de información. Indicar que nalgunha marquesiña existe un código bidimensional pero está tan vello que non se pode nin ler.

Poderíase dende o Concello revisar todas estas marquesiñas e que a información estivese ao servizo dos usuarios?

O Concello ten algún plan de actuación para mellorar o servizo de mobilidade e transporte?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos coñecedores de todo iso que di vostede, pero que van vir 24 marquesiñas novas e se está traballando nas rutas que cambian frecuentemente e cando o teñamos poñer ao dispor dos veciños.

6º) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E POSICIONAMENTO POLÍTICO EN CONTRA DA CONSTRUCCIÓN DA BALSA DA CORNANDA E A FAVOR DA LOITA VECIÑAL E SOCIAL.

Por Secretaría se da lectura, de orde do Sr. Alcalde, á declaración institucional subscrita polos portavoces dos tres grupos políticos municipais, que ten o seguinte contido:

Exposición de motivos.

Imos camiño dun ano en que numerosas asociacións, veciños, veciñas, administracións públicas e partidos políticos presentamos as alegacións contra a autorización da construción da balsa na parroquia da Cornanda, dende ese mes de febreiro houberon ao mesmo tempo diversos posicionamentos, en contra da autorización por parte de Augas de Galiza, e na defensa do noso territorio afectado, veciños e veciñas especialmente e todo o que implica a posible construción.

Na espera do pronunciamento oficial por parte de Augas de Galiza era importante a mobilización veciñal, social e política. Froito desa mobilización, e despois de que algún grupo municipal se pronunciara de inmediato en contra da balsa, o concello creou unha comisión de traballo na que en principio íamos estar todos os grupos, cousa que soamente aconteceu os dous primeiros meses. Na última xuntanza concretamente xa non se nos convidou nin avisou polo que esta declaración pon o foco en que esta colaboración institucional debe reactivarse de inmediato.

Pasadas unhas eleccións locais reactivouse o traballo (sobre todo veciñal) a través da creación dunha plataforma veciñal onde se convidou a todos os grupos políticos, asociacións, administracións, particulares, etc ..., plataforma que agora mesmo está capitaneando todo o traballo social, reivindicativo e mesmo organizativo en torno ao que pensamos debe ser a idea que impregne o discurso de todos os membros desta corporación: a oposición firme e inequívoca á construción da balsa ou de calquera outro tipo de agresión medioambiental ao noso territorio.

Posicionamento totalmente en contra do espolio económico, social, territorial, patrimonial, cultural e natural do territorio da Cornanda.

Entendemos que o traballo desta plataforma ou de calquera outra, calquera que sexa a súa forma organizativa, ten que contar co apoio de todos nós porque en definitiva están a colaborar en todos aqueles traballos e reivindicacións nos que dunha ou outra forma non somos quen de facer nós.

A día de hoxe non temos información adicional sobre o estado das posibles autorizacións ou non, e mais despois das visitas previas in situ feitas no territorio, polo que esta declaración institucional volve poñer enriba da mesa a importancia do traballo social, e sobre todo político para ter a información actualizada e traballar de forma conxunta dende esta corporación. Ese será o compromiso do equipo de goberno a cumprir coa oposición e viceversa. Para iso os responsables políticos iniciarán accións de contacto coas máximas administracións responsables e saber cal é a situación a día de hoxe.

Por todo o anteriormente a corporación de Brión propón os seguintes acordos:

1. Expresar, unha vez máis, e de forma clara e contundente o total rexeitamento por parte de todos os grupos políticos desta corporación á construción da balsa na Cornanda segundo os proxectos actuais.
2. Reactivar a comisión de seguimento constituída no seu día e por suposto convidar a todos os grupos da oposición ás correspondentes xuntanzas tanto técnicas como informativas. Informar, ao mesmo tempo, de cantas reunións se teñan a cabo coas diferentes administracións involucradas.
3. Apoiar de forma inequívoca o traballo da veciñanza da Cornanda constituído a través da plataforma "Non á balsa da Cornanda" ou a calquera outra plataforma ou asociación que estea disposta a colaborar no apoio social e veciñal para evitar a construción deste encoro-balsa.
4. Sempre e cando a tramitación do procedemento resulte contraria aos intereses municipais, poderanse completar as alegacións que no seu caso se formulen coa aportación de todos cantos informes en materia xeolóxica, xeotécnica, de impacto ambiental e arqueolóxico patrimonial que poidan ter especial relevancia no expediente da Central Hidroeléctrica Reversible do Tambre, así como solicitar a súa redacción, mesmo en colaboración con outras institucións, nos tempos necesarios e imprescindibles para o seu apoio técnico como posicionamento aos presentes acordos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González